FEMENÍ, SINGULAR

Xavi Puebla, 2026

1829

ESTREA EN NUMAX: 18.09.2026 | V.O.S.E. | +7 | 91 min

Nayeli, unha moza mexicana que traballa como empregada doméstica en Barcelona, enfróntase a unha serie de adversidades. Mentres loita por recuperar o control da súa vida, a súa determinación vaina enfrontar a unha sociedade que a xulga e limita. No seu camiño, encontrará a forza para transformarse.

«Cinema social que rexeita o didactismo para concentrar os seus esforzos na intimidade e os baleiros»
Jara Yáñez, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



Un drama social que non che di o que tes que pensar

Por Ignasi Franch

A cuarta longametraxe de Xavi Puebla é un retrato de personaxe. Nayeli é unha moza mexicana que traballa en Barcelona e vive en condicións extremadamente austeras para poder conseguir excedentes que enviar á súa parella, que tenta abrir un local de restauración no país natal de ambos. É muller, é migrante, é pobre e traballa nun sector moi propenso á explotación extrema como é o traballo doméstico remunerado. O relato está centradísimo nas andanzas da protagonista, que aparece en case todos os planos da película. Nalgúns momentos, o visionado do filme pode ser adecuadamente incómodo. Tímida e reservada, medorenta con motivos, a protagonista parece ter que loitar contra todos, ou que negociar con todos desde a vulnerabilidade e precariedade. O remanso de satisfacción son os momentos nos que coida do fillo da casa onde traballa.

Femení, singular chega nun contexto dunha certa abundancia e visibilidade para o drama social nacional. Películas como *Libertad* (Clara Roquet, 2021) ou *Calladita* (Miguel Faus, 2023) poden ter en común con ela algúns temas. Entre eles, os encaixes e os moitos desencaixes que viven e sofren as persoas migrantes, o seu papel nas tarefas de reprodución social, ese coidar aos fillos dos demais... O realizador é consciente de que se foi conformando un corpus de obras de referencia, e fala do perigo de caer na imitación. A nova película de Puebla parece ter algo desa tradición dun cine social cultivada por predecesores ilustres como os irmáns Dardenne (*Rosetta*, *Dous días, unha noite*). Aínda así, o referente que cita é outro. Lembra un lema dun clásico aínda en activo do audiovisual político que resume algúns dos seus propósitos: "Marco Bellocchio dicía que o cine político debe atopar un estilo que permitise a comprensión universal pero que á vez o salvase do mero didactismo".

O realizador e os seus coguionistas son moi hábiles á hora de construír o relato. Mostrando fragmentos de vida sen acompañalos de explicacións nin sobreexplicacións. Van xurdindo diversos fíos e vaise despregando, sen présa e sen pausa , o tapiz narrativo da película. "A idea era subverter o patrón habitual mediante o cal se escollen unha serie de acontecementos fundamentais para explicar a historia e que se engarzan a través dunha sucesión de elipses", explica o cineasta e docente.

Puebla fala de construír unha película a través de momentos "aparentemente débiles, supostamente non transcendentes ou non significativos para a narración" que van transmitindo ao espectador a evolución interior que leva á protagonista para tomar dúas grandes decisións. Baixo esta formulación, "as elipses non teñen o obxectivo de eliminar unha especie de material considerado sobrante no relato, un material que non se concibe como necesario de explicar". Un dos efectos, buscado, é invitar a que o espectador encha ocos e baleiros.

O autor de *A puerta fría* (2012) explica que concibe o seu cinema como unha arte que debe ter un compoñente de entretemento, pero "a cuestión é onde estriba o entretemento, onde está o interese. Para min, como espectador, radica na marxe que me dá unha película para construír ou interpretar a película. Aquí busquei invitar o público a que pense coa protagonista mentres enche os ocos da narración". Porque o director goza das películas que o interpelan e o fan pensar, "pero non necesariamente desde a densidade intelectual". De feito, declara crer nun "cinema sinxelo, que permita esa comprensión universal da que falaba Bellocchio, pero que deixe que o espectador tome parte e traballe a película. É algo que pasa tanto nas películas de Lubitsch como nas de Antonioni, non o relaciono con xéneros nin con comercialidades, senón con xeitos de construír as obras".

Publicado en elsaltodiario.com

numax.org